



## Ilmo. Concello do Grove

M.<sup>a</sup> LUZ FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, SECRETARIA ACCTAL. DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

CERTIFICO:

Que o Pleno desta corporación en sesión ordinaria realizada o **29 de xaneiro de 2018** aprobou o seguinte acordo por unanimidade:

**“Ditame da proposta de todos os Grupos da Corporación para a solicitude da modalidade de bacharelato de Artes no IES Monte da Vila**

Exposición de motivos

A motivación pola que o IES Monte da Vila solicita un Bacharelato de Artes para o centro débese, fundamentalmente, á necesidade de dar resposta a un importe número de alumnos con inquiredanzas artísticas e intereses creativos na zona.

### 1. Localización dos centros con Bacharelato de Artes máis próximos

Aínda que a provincia de Pontevedra ten sete localidades con estudos de artes, os centros máis próximos ao Grove distan 38 quilómetros no caso de Vilagarcía de Arousa e 43 quilómetros no de Pontevedra. O alumnado debe desprazarse en transporte público, pero a duración da viaxe (ao redor dunha hora en ambos os dous casos) obrígalles, en moitos casos, a residir (sendo na súa maioría menores de idade) nas localidades antes mencionadas durante o período escolar. É importante destacar que o alumnado que utiliza o transporte público emprega polo menos dúas horas en desprazamentos cada xornada. Noutros casos, optan por escoller unha modalidade de bacharelato alternativa para seguir cos seus estudos no Grove, xeralmente por razóns económicas, xa que moitas familias non se poden permitir o custo dos traslados e/ou aloxamento e mantemento dos seus fillos noutra localidade.

### 2. Detección do interese das materias de Artes no IES Monte da Vila

A demanda das materias optativas do Departamento de Debuxo no centro vén sendo notoria durante os últimos catro anos, tanto nas materias optativas de 4.º da ESO como nas específicas de 1.º e 2.º de bacharelato. Este ano, o número de materias específicas no bacharelato relacionadas coas Artes ascende a 5.

### 3. Existencia de alumnado interesado nos centros da zona

O Departamento de Debuxo e o Equipo Directivo do IES Monte da Vila contactaron cos centros máis próximos para coñecer a intención do alumnado de 4.º de ESO respecto aos seus intereses de cursar un bacharelato de artes no vindeiro curso como primeira


Ilmo. Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

MARIA LUZ FERNANDEZ GONZALEZ (1 para 2)  
SECRETARIA ACCIDENTAL  
Data de Sinatura: 30/01/2018  
HASH: 4072526bbdb5c13bd6cfe078456a8ee3



JOSE A. CACABELOS RICO (2 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 30/01/2018  
HASH: 26ec291b999d134d4ba304896fce840



Cod. Validación: AFTHLFSRYQGJ2XFJ2GMF6WY5 | Corrección: http://concellosgrove.sedelectronica.gal/  
Documento emitido electrónicamente desde a plataforma unificada de administración electrónica. 1 | Página 1 de 2



## Ilmo. Concello do Grove

---

opción. O total de alumnado interesado no Bacharelato de Artes para o vindeiro curso 2018-2019 ascende a 21 alumnos.

### 4. Existencia de persoal e aulas no centro para impartir a nova modalidade

Actualmente o centro conta con dúas profesoras de Debuxo, unha profesora de Música e tres profesores de Xeografía e Historia, todos definitivos no centro, que farían posible a impartición do novo bacharelato. Así mesmo, o centro conta con dúas aulas específicas de Plástica e unha aula de Música, que cobren as necesidades da nova modalidade de bacharelato.

### 5. Apoio dos órganos colexiados da Comunidade Educativa

Esta solicitude será levada para a súa aprobación ao Claustro do Centro, o Consello Escolar e a ANPA. A proposta da petición da modalidade de Artes para o bacharelato do IES Monte da Vila foi aprobada no Claustro e no Consello Escolar do Centro xa o curso pasado.

Por todo o exposto, propónse ao pleno a aprobación do seguinte **ACORDO**:

1.º Apoiar a solicitude da MODALIDADE DE BACHARELATO DE ARTES NO IES MONTE DA VILA

2.º Dar traslado deste acordo á Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e comunicarllo aos medios informativos, así como, publicalo na páxina web do Concello do Grove e no Taboleiro de Anuncios para coñecemento de toda a veciñanza.”

E para que así conste e teña os efectos que correspondan, expídese este certificado coa salvidade do artigo 206 do R.D. 2568/1986 e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, por orde e co visto e prace do Sr. alcalde.

Visto e prace do alcalde  
Jose A. Cacabelos Rico

**ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE**

---

Ilmo. Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

